



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE CLARINETE (I)  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA  
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)  
(CURSO 2024/25)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: CLARINETE (I)										
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN							ITINERARIO		CLARINETE
CARÁCTER	OBRIGATORIA							TIPO DE CLASE		INDIVIDUAL
DEPARTAMENTO	VENTO MADEIRA							XEFE/A DE DPTO.		ISMAEL VAQUERO BAQUERO
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA		MARTA SANCHO ANDRÉS		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1.5h.
ECTS/CUAD.	9	-	-	-	-	-	-	-	Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA
	Nicolás Mato Guerra Marta Sancho Andrés							nicolasmato@edu.xunta.gal msanchoclarinet@gmail.com		Venres de 11:30 h. a 12:30 h. Xoves de 15:00 h. a 16:00 h

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxia principal dase coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	<p><b>T1</b> Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.</p> <p><b>T2</b> Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala axeitadamente.</p> <p><b>T3</b> Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.</p> <p><b>T6</b> Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.</p> <p><b>T13</b> Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.</p> <p><b>T15</b> Traballar de xeito autónomo e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.</p> <p><b>T17</b> Contribuir coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xenerar valores significativos.</p>

COMPETENCIAS XERAIS:	<p><b>X1</b> Coñecer os principios teóricos da música e ter desenvolvido axeitadamente aptitudes para o recoñecemento, a comprensión e a memorización do material musical.</p> <p><b>X3</b> Producir e interpretar axeitadamente a notación gráfica de textos musicais.</p> <p><b>X6</b> Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel axeitado ao seu eido principal de actividade.</p> <p><b>X8</b> Aplicar os métodos de traballo máis axeitados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudio persoal e na práctica musical colectiva.</p> <p><b>X11</b> Estar familiarizado cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os rasgos estilísticos que caracterizan o dito repertorio e poder describilos de xeito claro e concreto.</p> <p><b>X13</b> Coñecer os fundamentos da estrutura da linguaxe musical e saber aplicalos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.</p> <p><b>X21</b> Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos, tendo desenvolvido a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados.</p> <p><b>X24</b> Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional.</p>
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	<p><b>EI1</b> Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando axeitadamente os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística.</p> <p><b>EI2</b> Construír unha idea interpretativa coherente e propia.</p> <p><b>EI4</b> Expresarse musicalmente co seu instrumento dun xeito fundamentado no coñecemento e dominio na técnica instrumental e corporal, así como nas características acústicas, organolóxicas e nas variantes estilísticas.</p> <p><b>EI5</b> Comunicar como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor.</p> <p><b>EI6</b> Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical.</p> <p><b>EI10</b> Coñecer as implicacións escénicas que conleva a súa actividade profesional e ser quen de desenvolver as súas aplicacións prácticas.</p>
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro. Anexo II	

### 3. OBXECTIVOS (RESULTADOS DE APRENDIZAXE)

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Interpretar un repertorio de obras de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel	T1, T6, T13, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, EI1, EI2, EI4, EI5, EI10
2. Acadar autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc...	T1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6
3. Coñecer as convencións interpretativas de cada estilo e época	T1, T13, T17, X1, X3, X8, X11, X13, EI1, EI4, EI5, EI10
4. Adestrar a memoria.	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X8, X21, X24, EI2, EI5
5. Coñecer e practicar os diferentes instrumentos da familia do clarinete	T1, T3, T13, X1, X6, X8, X11, EI1, EI4
6. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a rendabilidade do tempo empregado.	T 1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X8, X13, X21, X24; EI2, EI4, EI5, EI6



4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Interpretación	1.1 Respiración, recursos e exercicios. 1.2 Sonoridade como base da interpretación. 1.3 Escalas, arpeixos, exercicios diarios como base imprescindible para unha correcta interpretación. 1.4 Articulación (diferentes tipos de picados, ligados, acentos, combinación dos mesmos e traballo axeitado para os mesmos) 1.5 O fraseo. Aplicación das variedades de articulación e combinacións posibles de sonoridade. 1.6 Desenvolvemento de exercicios específicos a partir das dificultades ou necesidades atopadas nunha obra ou estudo. 1.7 Estudos de diferentes estilos. 1.8 Obras de diferentes estilos. 1.9 Interpretación en público (convencións e dificultades) 1.10 Autoaprendizaxe como parte principal da formación do intérprete. 1.11 Autoavaliación do método de traballo individual. 1.12 Preparación e realización de probas e audicións de forma autónoma. 1.13 Sesións de repaso ou apoio	2 $\zeta$ 11 $\wedge$
2. Análise musical aplicada	2.1 Contextualización estilística e histórica do material a interpretar. 2.2 Análise formal aplicada. 2.3 Análise harmónica aplicada.	11 $\wedge$
3. Estudo do repertorio con instrumento acompañante		Presenciais na disciplina de Repertorio con pianista acompañante
4. Estudo dos instrumentos afíns sempre que sexa posible	4.1 Interpretación de, como mínimo, unha obra con requinto ou clarinete baixo. 4.2. Interpretación, sempre que o nivel do repertorio o permita, de obras con clarinete en La.	4 $\wedge$
5. Coñecemento dos principais compositores, escolas e tendencias da creación musical.		11 $\wedge$
6. Desenvolvemento da memoria musical	5.1 Memorización de exercicios técnicos. 5.2 Memorización de pasaxes musicais. 5.3 Memorización de obras breves.	11 $\wedge$
7. Audición Pública	6.1 Interpretación en público das obras e/ou estudos traballadas en clase e propostas polo profesorado, tanto con acompañamento de piano, como de clarinete só.	3 $\zeta$
*Temas aos que se adicará unha sesión completa $\zeta$		
*Temas aos que se adicará parte de cada unha das sesións $\wedge$		
TOTAL SESIÓNS:		16



5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
<p><b>1. Actividades introductorias</b></p> <p><b>1.1 Toma de contacto (presentación e recuperación de información).</b> Actividade de toma de contacto entre profesor/a e alumno/a. O/A profesor/a adicará as sesións a coñecer, preguntar e propor, así como a autoavaliar o proceso en función dos resultados.</p>	1,5	0	1,5
<p><b>2. Activades de ensino aprendizaxe</b></p> <p><b>2.1 Recuperación de lagoas ou ideas erróneas.</b> Actividades de avaliación das capacidades adquiridas polo alumno/a ao longo da súa formación previa e do seu traballo individual. Propostas de métodos de traballo adicados a acadar novos obxectivos así como a mellorar os aspectos mal asimilados.</p> <p><b>2.2 Reforzamento e consolidación do traballo.</b> Actividade na que se traballará sobre competencias xa adquiridas para o reforzamento das mesmas e como paso previo ao salto posterior cualitativo e cuantitativo en cada un dos temas propostos.</p> <p><b>2.3 Elaboración e reelaboración da información.</b> Actividade de reflexión (conxunta na aula e posteriormente individual do alumno/a) e acción tanto no eido técnico como interpretativo. O alumno/a será guiado técnica e interpretativamente na aula en cada sesión, requiríndolle en sucesivas sesións a posta en práctica da reflexión, elaboración e reelaboración tanto de exercicios técnicos como interpretativos que o conduzan a unha maior autonomía na resolución de problemas no desenvolvemento do feito interpretativo.</p>	18	63,5	81,5
<p><b>3. Actividades de consolidación</b></p> <p><b>3.1 Audicións públicas de clarinete con acompañamento de piano e clarinete só.</b> Actividade que consiste na interpretación de obras completas ou movementos, se por cuestións de espazo e tempo non é posible interpretar o repertorio de forma íntegra, das traballadas durante as clases individuais.</p> <p>O número de obras elixidas será de 5 a repartir entre o cuadrimestre I e o II, de forma consensuada co/a profesor/a, das cales:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 4 corresponderán a cada unha das modalidades recollidas no apartado de referencias documentais, podendo escoller na modalidade de <i>Instrumentos afíns</i> entre unha obra de clarinete baixo ou unha de requinto.</li> <li>- 1 será de libre elección e deberá ser de compositor/a galego/a ou muller compositora de calquera nacionalidade.</li> </ul> <p><b>3.2 Exames de estudos e lectura a vista.</b> Actividade que consiste na interpretación de dous estudos de diferentes compositores/as, a sorteo, dos sete traballados durante as clases individuais. No caso de presentar algún homenaxe de Béla Kóvac, este computará como dous estudos.</p> <p>Ademais, tamén se realizará a lectura a vista dun fragmento musical proposto polo profesorado, acorde ao nivel do alumnado, para a que se contará con 3 minutos de preparación.</p> <p>A actividade será avaliada respectando a porcentaxe especificada nos criterios de avaliación.</p>	4	0	4
<p><b>4. Práctica individual.</b> Actividade individual do alumno/a na que practicará todos os contidos traballados en clase tratando de acadar os obxectivos descritos na programación.</p>	0	170	170
<p><b>5. Pescuda de información.</b> Actividade de pescuda de información por parte do alumno/a na que complementará o coñecemento dos contidos a traballar investigando sobre os/as compositores/as, estilos, contextos históricos, discografía, bibliografía, etc. das obras traballadas en clase.</p>	0	5	5
<p><b>6. Actividades complementarias e extra académicas</b></p> <p><b>6.1 Probas e concursos.</b></p> <p><b>6.2 Cursos e masterclases.</b></p> <p><b>6.4 Participación en concertos organizados polo Conservatorio.</b></p>	4	4	8
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>270</b>

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
<p><b>Diario de aula</b> no que se rexistrará a asistencia ás clases, o aproveitamento das mesmas e as cualificacións obtidas nos criterios de avaliación correspondentes en cada sesión.</p> <p>A cualificación final de cada sesión será a media aritmética resultante das obtidas en cada criterio de avaliación.</p> <p>A cualificación final da avaliación continua será a media aritmética resultante das obtidas en cada sesión.</p>	<p>O alumno/a:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio.</li> <li>2. Controlará e amosará fluidez na dixitación.</li> <li>3. Executará a métrica do texto de forma precisa e segura.</li> <li>4. Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica.</li> <li>5. Controlará a afinación, tanto xeral como interválica.</li> <li>6. Interpretará o repertorio con control das dinámicas.</li> <li>7. Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras.</li> <li>8. Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación.</li> <li>9. Amosará control postural e da respiración</li> <li>10. Amosará capacidade de concentración e autocontrol.</li> <li>11. Preparará a totalidade dos contidos acordados co profesor/a na sesión anterior.</li> <li>12. Amosará na sesión o rendemento adquirido no estudo diario.</li> </ol>	Todas	50,00%
<p><b>Audicións públicas do repertorio proposto</b> (descritas no apartado 5.3.1).</p> <p>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación das audicións públicas rexistraranse nunha rúbrica.</p> <p>A cualificación final de cada obra interpretada será a media aritmética resultante das obtidas en cada criterio de avaliación.</p> <p>A cualificación final das audicións públicas será a media aritmética resultante das obtidas en cada obra interpretada.</p>	<p>O alumno/a:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio.</li> <li>2. Controlará e amosará fluidez na dixitación.</li> <li>3. Executará a métrica do texto de forma precisa e segura.</li> <li>4. Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica.</li> <li>5. Controlará a afinación, tanto xeral como interválica.</li> <li>6. Interpretará o repertorio con control das dinámicas.</li> <li>7. Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras.</li> <li>8. Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación.</li> <li>9. Amosará control postural e da respiración.</li> <li>10. Amosará capacidade de concentración, madurez no escenario, xestión da ansiedade escénica e autocontrol.</li> <li>11. Amosará control da memoria, cando menos nun movemento do repertorio proposto da súa elección.</li> </ol>	Todas	30,00%
<p><b>Exame de estudos</b> (descrito no apartado 5.3.2).</p> <p>As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación deste exame rexistraranse nunha rúbrica.</p> <p>A cualificación final de cada estudo interpretado será a media aritmética resultante das obtidas en cada criterio de avaliación.</p> <p>A cualificación final do exame de estudos será a media aritmética resultante das</p>	<p>O alumno/a:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio.</li> <li>2. Controlará e amosará fluidez na dixitación.</li> <li>3. Executará a métrica do texto de forma precisa e segura.</li> <li>4. Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica.</li> <li>5. Controlará a afinación, tanto xeral como interválica.</li> <li>6. Interpretará o repertorio con control das dinámicas.</li> <li>7. Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras.</li> </ol>	Todas	15,00%

obtidas en cada estudo interpretado.	8. Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación. 9. Amosará control postural e da respiración. 10. Amosará capacidade de concentración, madurez, xestión da ansiedade escénica e autocontrol.		
<b>Proba de lectura a vista</b> (descrita no epígrafe 5.3.2).  As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta proba rexistraranse nunha rúbrica.  A cualificación final será a media aritmética resultante das obtidas en cada criterio de avaliación.	O alumno/a: 1. Executará as notas da partitura proposta de forma axustada. 2. Executará a métrica do texto de forma precisa e segura. 3. Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados na partitura. 4. Interpretará de forma correcta as dinámicas indicadas no texto. 5. Elexirá un tempo axustado ás indicacións propostas polo/a compositor/a. 6. Interpretará os textos de forma fluida e con estabilidade na lectura.	Todas	5%
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
<b>Audición pública.</b>  Interpretación de dous estudos e dúas obras/movimentos de diferentes estilos, seleccionadas dos estudos e obras completas presentados polo alumno/a. A concreción do repertorio que se debe presentar descríbese no apartado 5.3.  As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta audición rexistraranse nunha rúbrica.  A cualificación final de cada obra e estudo interpretados será a media aritmética resultante das obtidas en cada criterio de avaliación.  A cualificación final desta audición pública será a media aritmética resultante das obtidas en cada obra e estudo interpretados.	O alumno/a: 1. Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio. 2. Controlará e amosará fluidez na dixitación. 3. Executará a métrica do texto de forma precisa e segura. 4. Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica. 5. Controlará a afinación, tanto xeral como interválica. 6. Interpretará o repertorio con control das dinámicas. 7. Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras. 8. Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación. 9. Amosará control postural e da respiración. 10. Amosará capacidade de concentración, madurez, xestión da ansiedade escénica e autocontrol. 11. Amosará control da memoria, cando menos nun movemento do repertorio proposto da súa elección.	Todas	100,00%
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b> *(Alumnos que superen as 3 faltas por cuadrimestre, establecidas no centro, aprobadas en consello escolar)			
<b>Audición pública.</b>  Interpretación de dous estudos e dúas obras/movimentos de diferentes estilos, seleccionadas dos estudos e obras completas presentados polo alumno/a. A concreción do repertorio que se debe presentar descríbese no apartado 5.3.  As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta audición rexistraranse nunha rúbrica.  A cualificación final de cada obra e estudo interpretados será a media aritmética	O alumno/a: 1. Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio. 2. Controlará e amosará fluidez na dixitación. 3. Executará a métrica do texto de forma precisa e segura. 4. Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica. 5. Controlará a afinación, tanto xeral como interválica. 6. Interpretará o repertorio con control das dinámicas. 7. Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras. 8. Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación. 9. Amosará control postural e da respiración. 10. Amosará capacidade de concentración, madurez, xestión da ansiedade	Todas	100,00%

resultante das obtidas en cada criterio de avaliación.  A cualificación final desta audición pública será a media aritmética resultante das obtidas en cada obra e estudo interpretados.	escénica e autocontrol.  11. Amosará control da memoria, cando menos nun movemento do repertorio proposto da súa elección.		
--	--	--	--

### 6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

<b>Audición pública.</b>  Interpretación de dous estudos e dúas obras/movementos de diferentes estilos, seleccionadas dos estudos e obras completas presentados polo alumno/a. A concreción do repertorio que se debe presentar descríbese no apartado 5.3.  As cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación desta audición rexistraranse nunha rúbrica.  A cualificación final de cada obra e estudo interpretados será a media aritmética resultante das obtidas en cada criterio de avaliación.  A cualificación final desta audición pública será a media aritmética resultante das obtidas en cada obra e estudo interpretados.	O alumno/a:  1. Amosará solvencia en abordar as dificultades técnicas do repertorio.  2. Controlará e amosará fluidez na dixitación.  3. Executará a métrica do texto de forma precisa e segura.  4. Emitirá o son con homoxeneidade e riqueza tímbrica.  5. Controlará a afinación, tanto xeral como intervállica.  6. Interpretará o repertorio con control das dinámicas.  7. Interpretará de forma correcta os signos de articulación e expresión indicados nas partituras.  8. Amosará coherencia e rigor estilístico na interpretación.  9. Amosará control postural e da respiración.  10. Amosará capacidade de concentración, madurez, xestión da ansiedade escénica e autocontrol.  11. Amosará control da memoria, cando menos nun movemento do repertorio proposto da súa elección.	Todas	100,00%
--	---	-------	---------

#### **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:**

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 21 de novembro de 2016, Artigo 31)

0-4,9: Suspenso  
 5,0-6,9: Aprobado  
 7,00-8,9: Notable  
 9,00-10: Sobresainte

**Para aprobar a materia na convocatoria ordinaria é requisito indispensable obter como cualificación mínima un 5,0 e presentarse tanto á audición pública como á proba de estudos e primeira vista. En caso de non asistir a algunha de estas dúas actividades de consolidación, a cualificación final obtida será a resultante de sumar a cualificación ponderada da avaliación continua máis a da actividade de consolidación na que se participe, de ser o caso, dividido entre dous.**

A Mención de "Matrícula de Honra" poderá ser outorgada ao alumnado que obteña unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 20% de alumnos/as matriculados/as nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos/as matriculados/as sexa inferior a 20, caso no que se poderá conceder unha soa Matrícula de Honra.

**Para a obtención da Matrícula de Honra, en caso de haber máis aspirantes que número de matrículas a outorgar, obterá a Matrícula de Honra o/a alumno/a con maior nota global ou, en caso de empate, con maior nota na proba da audición.**

### 7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.  Así mesmo, terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.



a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### 8. REFERENCIAS DOCUMENTAIS

<b>*Estudios</b>	<p>Bach, J.S. Quince estudos</p> <p>Bitsch, M. 12 estudos de ritmo</p> <p>Jettel, R. Método de clarinete, vol.2</p> <p>Kovács, B. Homenaxes</p> <p>Kroepsch, F. 416 estudos, vol.1, 2, 3 e 4</p> <p>Polatschek, V. Estudos avanzados</p> <p>Rubio, P. Caderno de estudos nº1 (Clarinete baixo)</p> <p>Stark, R. Arpeggio-Technic, op.52, vol. 1 e 2</p> <p>Stark, R. 24 estudos en todas as tonalidades</p> <p>Stark, R. 24 estudos de virtuosismo, op.51, vol.1</p>
<b>*Obras de repertorio</b>	<p><b>MÚSICA CONCERTANTE:</b></p> <p>Crusell, B.H. Concerto en Fa m, op.5</p> <p>Crusell, B.H. Concerto en Sib M, op.11</p> <p>Finzi, G. Concerto, op.31</p> <p>Mercadante, G.S. Concerto en Sib M</p> <p>Mozart, W.A. Concerto en La M, kv.622</p> <p>Pleyel, I. Concerto en Sib M</p> <p>Shaw, A. Concerto</p> <p>Spohr, L. Concerto nº1 en Do m, op.26</p> <p>Stamitz, K. Concerto en Fa M</p> <p>Weber, C.M. Concertino en Mib M, op.26</p> <p>Weber, C.M. Concerto nº1 en Fa m, op.73</p> <p>Weber, C.M. Introducción tema e variacións</p> <p>Weber, C.M. Variacións sobre un tema de Silvana</p> <p><b>MÚSICA DE CÁMARA:</b></p> <p>Arnold, M. Sonatina</p> <p>Chausson, E. Andante e allegro</p> <p>Brahms, J. Sonata nº1 en Fa m, op.120</p> <p>Brahms, J. Sonata nº2 en Mib M, op.120</p> <p>Burgmüller, N. Dúo para clarinete e piano, op.15</p> <p>Dunhill, T. Phantasy Suite</p> <p>Eiras, J. Metaplasmos</p> <p>Jolivet, A. Meditación</p> <p>López Artiga, Ángeles. Sonata</p>





	<p>Lutoslawski, W. Preludios de danza</p> <p>Martinu, B. Sonatina</p> <p>Milhaud, D. Sonatina</p> <p>Montsalvatge, X. Self-paráfrasis</p> <p>Poulenc, F. Sonata</p> <p>Poulenc, F. Sonata para dous clarinetes</p> <p>Rabaud, H. Solo de concurso</p> <p>Romero, A. Fantasía sobre temas de “Lucrecia Borgia”</p> <p>Romero, A. Solo de concerto para clarinete</p> <p>Rota, N. Sonata en Re M</p> <p>Schumann, R. Pezas de fantasía</p> <p>Schumann, R. Romanzas</p> <p>Yuste, M. Estudio melódico</p> <p><b>CLARINETE SÓ</b></p> <p>Cage, J. Sonata</p> <p>Donizetti, G. Estudio primo</p> <p>Koch, E. Monólogo nº3 (calquera clarinete)</p> <p>Megías López, Sonia. Shelley I</p> <p>Miluccio, G. Rapsodia</p> <p>Rózsa, M. Sonatina</p> <p>Sutermeister, H. Capriccio</p> <p>Stravinsky, I. Tres pezas</p> <p><b>INSTRUMENTOS AFÍNS</b></p> <p><b>Clarinete baixo</b></p> <p>Bozza, E. Ballade</p> <p>Davis, W. Variacións sobre un tema de Robert Schumann</p> <p><b>Requinto</b></p> <p>Marcello, B. Andante e allegro</p> <p>Molter, J.M. Seis concertos</p>
<p><b>*LIBROS</b></p>	<p>Bartolozzi, B.(1982). <i>New Sounds for Woodwind</i>. Oxford University Press</p> <p>Brymer, J. (1990). <i>The Clarinet</i>. Kanh &amp; Averill</p> <p>Garbarino, G.(1978). <i>Metodo per clarinetto</i>. Edizioni Suvini Zerboni</p> <p>Gibson, O.L. (1998). <i>Clarinet Acoustics</i>. Indiana University Press</p> <p>Hoeprich, E.(2008). <i>The Clarinet</i>. Yale University Press</p> <p>Jerez, S. (2010). <i>El clarinete. Manual de mantenimiento y pequeñas reparaciones para músicos</i>. S.Jerez</p> <p>Lawson, C. (1995). <i>The Cambridge Companion to the clarinet</i>. Cambridge University Press</p> <p>Lawson, C. (2000). <i>The Early Clarinet. A Practical Guide</i>. Cambridge University Press</p> <p>Mazzeo, Rosario. (1990). <i>The clarinet. Excellence and artistry</i>. Dorn Publications</p>



- Meloni, F. (2000). *Il clarinetto*. Zecchini Editore
- Pastor, V. (2010). *Clarinete: acústica, historia y práctica*. Rivera Editores
- Rice, A. R. (1992). *The Baroque Clarinet*. Clarendon Press
- Rice, A. R. (2003). *The Clarinet in the Classical Period*. Oxford University Press
- Rice, A.R. (2009). *From the Clarinet d'Amour to the Contra Bass*. Oxford University Press
- Rice, A. R.(2017). *Notes for Clarinetists. A Guide to the Repertoire*. Oxford University Press
- Rehfeldt, P. (1994). *New directions for clarinet*. Revised edition. Scarecrow Press, Inc
- Sparnaay, H. (2011). *El clarinete bajo, una historia personal*. Periferia Sheet Music
- Weston, Pamela. (1971). *Clarinet Virtuosi of the Past*. Panda Press.
- Weston, Pamela. (1977). *More Clarinet Virtuosi of the Past*. Panda Press
- Weston, Pamela. (1989). *Clarinet Virtuosi of Today*. Egon Publishers

\* O listado de obras e estudos ten carácter orientador e poderá variarse en función das necesidades pedagóxicas do alumnado.

\* O nome de pila das escritoras e compositoras femininas reflíctese co nome completo.

\* O nome de pila dos escritores ou compositores masculinos reflíctese coa inicial do mesmo.